


ALEXANDRA CABANA OUTEIRO

# Fontes editadas para a Historia Medieval de Galicia. Os últimos vinte e cinco anos (1986-2011)



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA



**ALEXANDRA CABANA OUTEIRO**  
**Fontes editadas para a**  
**Historia Medieval de Galicia.**  
**Os últimos vinte e cinco anos**  
**(1986-2011)**



**CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA**

CABANA OUTEIRO, A.: Fontes editadas para a Historia Medieval de Galicia. Os últimos vinte e cinco anos (1986-2011). [Nova versión maio 2015]. Consello da Cultura Galega, 2015.  
[Accesible en: <http://gmh.consellodacultura.org/recursos/estudos/estudo/f/98/>]  
[doi.org/10.17075/fepahmdg.2015](https://doi.org/10.17075/fepahmdg.2015)

Non hai historia sen documentos, e sobre a dificultade de estudar o noso pasado sen documentos escritos saben ben os nosos compañeiros prehistóriadores. Inda así, a miúdo ó longo da historia da historiografía as fontes nas que se baseaban os diferentes estudos ficaban secundarizadas, escondidas, esteo básico mais invisible do discurso historiográfico. Por moito que o labor dos historiadores a miúdo comeza por un estudo das fontes, moitas veces inéditas, son moitos os casos nos que estas só aparecen en breves citas ou en concisos apéndices documentais.

Noutros casos, a priorización da fonte documental, da man de historiadores, paleógrafos, filólogos, ten producido ata hoxe unha grande cantidade de publicacións que lle daban o protagonismo á edición documental ou, cando menos, nas que esta aparece en igualdade de importancia que os estudos que se apoian nela.

Cando nunha publicación historiográfica se inclúen fontes documentais, este traballo pode ser base para novos estudos, novas achegas a un coñecemento do noso pasado desde diferentes frontes; se ben é certo que a diversidade de criterios de transcripción e edición que se poden atopar, e que non sempre respectan a identidade e trazos específicos de cada lingua, invalidan o uso de certas edicións desde, por exemplo, unha perspectiva lingüística.

No seo universitario víronse acollidos os máis grandes proxectos de edicións documentais, destacando aquelas que atinxiron editar de maneira completa a documentación de certas entidades monásticas: Celanova, Oseira, Sobrado... viron a luz en diversos volumes. Sumáronse algunas catedrais: Mondoñedo, Ourense, Santiago, non sempre vinculadas ó labor universitario. Máis pequenas, mais non menos importantes, son as achegas de documentación máis reducida en número, de pequenos mosteiros, fondos particulares, que se presentan a miúdo coa forma de artigos.

Todas estas edicións documentais chegan a nós dunha maneira bastante dispersa. Destaca o labor dalgunhas coleccións editoriais, como a colección Galicia Medieval: Fuentes, do Seminario de Estudios Galegos, ou Fontes documentais para a Historia de Galicia do Consello da Cultura Galega, e tamén dalgunhas revistas: *Compostellanum, Museo de Pontevedra, Cátedra, Lvcensia, Murguía...*

Durante moitos anos foi difícil publicar fontes documentais, e en certa medida segue a ser así, a extensión de moitas destas obras, e o seu suposto público reducido, facía que foran poucas as editoriais que se animaban a darlle luz pública a estes traballos, polo que moitos deles ficaron na -relativa- escuridade das bibliotecas universitarias ou na propia gabeta do investigador. Hoxe en día inda é complicado, ou incluso imposible, consultar algunas destas achegas. Porén, a día de hoxe a edición dixital ou na rede axuda á difusión e consulta da documentación. Cómpre destacar, por exemplo, as edicións en CD'rom das teses de doutoramento e, inda máis, a aparición de recursos web que achegan unha cantidade inxente de documentación que, ademais, pode ser consultada dunha maneira doada e eficaz con buscas moi concretas. Este é o caso do CODOLGA, corpus textual coa documentación medieval relacionada con Galicia en lingua latina desde o século VI ata o XV, e o TMILG, que fai o mesmo cos textos en lingua galega.

Na edición en papel, a dispersión na edición aumenta a complexidade da busca de artigos e referencias: son moitos os lugares onde se editan, e por veces topamos ademais coa non claridade dos títulos acerca da inclusión de documentos editados. Detrás de «Luis Bieyra, notario del Cabildo de la Catedral de Tui» atopamos a transcripción dun protocolo deste notario, e quen había pensar que en «Os notarios e a lingua nos comezos da escrita documental en galego» teríamos a edición de dezaseis documentos do mosteiro de Montederramo.

Á hora de elaborar o noso repertorio das fontes editadas nos últimos vinte e cinco anos quixemos dar conta de todo o editado, non só de edicións “específicas” senón tamén de anexos documentais e estudos historiográficos. Ademais, decidimos incluír as teses e tesíñas

pois, anque son de acceso máis limitado, ben é certo que se soen poder consultar nas bibliotecas das facultades e, ademais, nos últimos anos tamén se editan en CD'rom e están suxeitas a préstamo.

Achamos de interese, tamén, incluír nesta relación de fontes editadas as mostras literarias porque, parece unha obviedade dicilo, a literatura tamén é historia. Dificilmente se pode entender na súa plenitude a realidade medieval, o pensamento, os intereses, os gozos daquela xente, se non reparamos, por exemplo, na imprescindible fonte histórica que son as cantigas medievais. Inda así, non incluímos a infinidade de artigos, moi específicos, que versan sobre problemas de edición e novas propostas de lectura dalgunhas cantigas, ás veces centrados incluso nun só verso, pois a complexidade das referencias, e o risco incrementado de deixar algunas fóra, convertían esta tarefa en inxente e pouco precisa.

Incluímos tamén referencias a diferentes estudos sobre aspectos codicolóxicos e paleográficos, inda que non transcriban textos, ó igual que tamén achegamos os catálogos dos arquivos que se publicaron neste período. O carácter instrumental destas achegas, que axuda ó labor de pescuda e aproximación ás fontes, parécenos razón suficiente para a súa inclusión.

Nas nosas referencias, ademais da propia cita bibliográfica, achéganse entre [ ] certos datos de interese: número de documentos editados ou rexestados, arquivos onde se atopa a documentación, lingua dos documentos, inclusión de índices e outros aspectos acaídos.

\*\*\*

Cómpre recoñecer o traballo doutras persoas que atinxiron relacóns de fontes antes desta nosa. Foron punto de partida e de contraste das nosas referencias. Destacan así as de Ana I. Boullón Agrelo e Fernando R. Tato Plaza (2004), as diversas achegas de José Luis López Sangil (2006, entre outras), a de Jose António Souto Cabo (2006), a de Ainoa Castro Correa (2009) e a de Francisco J. Pérez Rodríguez (2010). A maiores tamén buscamos nas referencias bibliográficas de moitos dos estudos que aparecen na relación, ademais das nosas propias buscas nas bibliotecas, dentro das que destaca a da USC.

Un traballo coma este, de longo percorrido e consulta e comprobación de fondos bibliográficos, non pudo ser desenvolvido sen a axuda de moitas persoas. Mercedes Vázquez Bertomeu e M<sup>a</sup> Pilar Rodríguez Suárez propuxeronme facelo e a elas agradézolle a súa confianza, a súa amizade, e a súa axuda na comprobación dun bo número de referencias. A Ana Boullón e Ricardo Pichel, compañeiros filólogos, a súa continua disposición a botarme unha man e as súas importantes achegas. Á biblioteca da USC, ó seu servizo de préstamo interbibliotecario e, especialmente, ó persoal da Biblioteca Intercentros de Lugo, que me forneceron dos centos de libros que precisei para este traballo. E ós meus, coma sempre, que me aturaron tamén neste tempo, e que incluso carrexaron para min algúns deses libros.

Sei que han aparecer errores, e que inda haberá referencias que non aparezan nesta relación. A miña intención é ir actualizando esta listaxe, e para iso agradezo calquera achega. Pódenseme enviar a [ediciondefontesmedievais@gmail.com](mailto:ediciondefontesmedievais@gmail.com).

A vontade non é facer unha contribución “arqueolóxica” a todo o ata aquí feito nas edicións documentais galegas. A vontade é fornecer un instrumento útil para todo aquel que queira camiñar no traballo da edición de fontes, camiño longo no que, iso agardo, nos volveremos atopar.

### Siglas dos arquivos citados

- AA = Arquivo de Antealtares. Convento de San Paio (Santiago).  
 ACB = Arquivo do Convento de Belvís.  
 ACLu = Arquivo da Catedral de Lugo.  
 ACMon = Arquivo da Catedral de Mondoñedo.  
 ACOu = Arquivo da Catedral de Ourense.  
 ACS = Arquivo da Catedral de Santiago.  
 ACSC = Arquivo do Convento de Santa Clara.  
 ACSF = Arquivo do Convento de San Francisco de Santiago.  
 ACSMC = Arquivo da Colexiata de Santa María da Coruña.  
 ACTui = Arquivo da Catedral de Tui.  
 ACV = Arquivo do Convento de Valdeflores  
 ADA = Arquivo Ducal de Alba.  
 ADL = Arquivo Diocesano de León.  
 ADM = Arquivo Ducal de Medinaceli.  
 AHD = Arquivo Histórico Diocesano.  
 AHDS = Arquivo Histórico Diocesano de Santiago.  
 AHDT = Arquivo Histórico Diocesano de Tui.  
 AHM = Arquivo Histórico Municipal.  
 AHN = Arquivo Histórico Nacional (Madrid).  
 AHP = Arquivo Histórico Provincial.  
 AHPOu = Arquivo Histórico Provincial de Ourense.  
 AHPPo = Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.  
 AHUSC = Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela.  
 AHV = Arquivo Histórico Vaticano.  
 ANTT = Arquivo Nacional da Torre do Tombo (Lisboa).  
 ARCHV = Arquivo da Real Chancelería de Valladolid.  
 ARG = Arquivo Histórico do Reino de Galicia. A Coruña.  
 AXS = Arquivo Xeral de Simancas.  
 BIVDJ = Biblioteca Instituto Valencia de D. Juan  
 BNE = Biblioteca Nacional de España (Madrid).  
 IEGPS = Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento.  
 MER = Museo Etnográfico de Ribadavia.  
 MPo = Museo de Pontevedra.  
 RAG = Real Academia Galega.  
 RAH = Real Academia de Historia (Madrid).

- ABREU CERVEIRA DE ALBURQUERQUE, Eduardo Manuel: «Pertenencias Antiguas de los / Víenes, Que Poseían, Los sseñores / De la Casa de / Marinô de Lovera», *Museo de Pontevedra*, 54 (2000), pp. 9-55. [Transcribe o traslado notarial que en 1715 se fixo dun caderno de 21 escrituras en papel, xa trasladadas dos orixinais dos séculos XIV e XV (1302-1444), que recollían as propiedades dos Mariño de Lobeira. Conservado no Arquivo da Real Academia de la Historia, en Madrid, en galego e castelán. Con índice antropónimo, topónimo, de abreviaturas e cronológico].
- AFONSO, Belarmino: «Propiedades rústicas dos mosteiros de Santa María de Moreruela e S. Martinho de Castanheira em terras de Bragança», en *IX Centenario de la Orden Cisterciense. Actas. II Congreso Internacional sobre el Císter en Galicia y Portugal, Ourense 1998*, Zamora, Ed. Monte Casino, 1999, vol. 1, pp. 127-146. [Inclúe a edición de 8 documentos dos anos 1159 ó 1391, a maioría conservados na colección particular Moura Coutinho, en latín e en portugués].
- AFONSO X O SABIO: *Cantigas*, edición de Jesús Montoya, Cátedra, Madrid, 1988.
- AFONSO X O SABIO: *Cantigas de Santa María*, edición, introducción e notas de Walter Mettmann, Castalia, Madrid, 1986 (vol. I), 1988 (vol. II), 1989 (vol. III).
- AFONSO X O SABIO: *Cantigas de Santa María*, Madrid, Edilán, 1989-1991. [Edición facsímil do códice B.R. 20 da Biblioteca Nazionale Centrale de Florencia, século XIII].
- AFONSO X O SABIO: *Cantigas de Santa María. Edición facsímile do Códice de Toledo (To)*, Biblioteca Nacional de Madrid (Ms 10.069), edición ó coidado de Henrique MONTEAGUDO, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2003 (1ª ed.), 2008 (2ª ed.).
- AFONSO X O SABIO: *Cantigas de Santa María. Códice de Toledo (To)*, transcripción de Martha E. SCHAFFER, edición ó coidado de Henrique MONTEAGUDO, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2010.
- ÁLVAREZ CASTRILLÓN, José A.: *Los Oscos en los siglos X-XIII. Un modelo de organización social del espacio en la Asturias medieval*, Oviedo, Ayuntamiento de Santa Eulalia de Oscos, 2001. [Transcribe 70 documentos do arquivo de Santa María de Vilanova de Oscos (hoxe Asturias, de fala galega); do AHN, dos anos 1285 a 1466, en galego].
- ANDRADE CERNADAS, Jose Miguel: «El monasterio de Celanova en Compostela: anotaciones documentales», *Compostellanum*, 36 (1991), pp. 159-163. [Transcribe 3 documentos de 1094 a 1110, do Tombo de Celanova, do AHN, en latín].
- ANDRADE CERNADAS, Jose Miguel: *O Tombo de Celanova: estudio introductorio, edición e índices (ss. IX-XII)*, 2 tomos, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995. [Transcripción íntegra do tombo, composto en diferentes momentos dos séculos XII e XIII, que contén 578 documentos en latín dos anos 826 ó 1165, do AHN (códices, 986B). Inclúe índice topónimo e antropónimo].
- ANDRADE CERNADAS, Jose Miguel: «Fuentes documentales para el estudio del rey García de Galicia», *Minius*, 6 (1997), pp. 41-49. [Listaxe e comentario dos 6 documentos relacionados con este rei. Entre 1066 e 1071, do ACLeón, RAG e Portugaliae Monumenta Historica, en latín].
- ANDRADE CERNADAS, Jose Miguel: *El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia medieval (siglos X al XIII)*, Sada, Ediciós do Castro, 1997. [Fai unha pequena análise da documentación édita e inédita dos catro mosteiros que estuda: San Xulián de Samos, San Salvador de Celanova, San Paio de Antealtares e San Martiño Pinario].
- ANTONIO RUBIO, María Gloria de: *Los judíos en Galicia (1044-1492)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2006. [Na colección diplomática edita 316 documentos, éditios ou inéditos, dos anos 1044 ó 1678, en latín e o resto en galego e castelán, do

- AHN, ACOu, AXS, ACS, AHUS, AHDS, AHDT, AHPOu, AHMC, MPPo, AA, ARCHV, ACSMC, MER: 2 do XI (1044-1047), 3 do XIII (1278-1289), 23 do XIV (1304-1398), 274 do XV (1402-1494), 9 do XVI (1501-1572), 3 do XVII (1666-1678). Inclúe índice onomástico e de documentos].
- ARBOR ALDEA, Mariña (textos): *Cancioneiro da Ajuda*, [Edición facsimilar], [A Coruña], Consellería de Traballo, Xunta de Galicia, 2008.
- ARBOR ALDEA, Mariña: «Estevan Perez, merino maor por el Infante don Sancho en terra de León e de Asturias... Edición e anotación da súa cantiga Senhor, se o outro mundo pasar (B 923, V 511)», *Revista Galega de Filoloxía*, 9 (2008), pp. 11-42. [Edición crítica da única cantiga conservada de Estevan Pérez Froián e biografía do poeta, vasalo de Afonso X e Sancho IV].
- ARES BOTANA, Óscar e M<sup>a</sup> Dolores BARRAL RIBADULLA: «El archivo conventual de Santa Bárbara de La Coruña: una aproximación a su inventario», en Miguel Romaní Martínez e M<sup>a</sup> Ángeles Novoa Gómez (ed.), *Homenaje a José García Oro*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2002, pp. 383-401. [Achega o inventario dos fondos, que inclúe algunha documentación do s. XV, sen mención da lingua nin reconto específico dos documentos dese século. Inclúe a transcripción duns consellos dos fraude Graboo ás monxas arquiveiras, de 1671].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «O tombo do mosteiro ourensán de Celanova», *Lvcensia*, 6 (1996), pp. 155-160. [Ademais de tratar os tombos e coleccións diplomáticas dos mosteiros, fai unhas anotacións á edición do Tombo de Celanova de ANDRADE CERNADAS 1995].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «Perfia, perfidia e adopción de fillos. Un problema lingüístico», *Lvcensia*, 18 (1999), pp. 147-154. [Transcribe 1 documento en latín, de 842, do ACLu. Inclúe fotografía e tradución ó galego].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «Rectificaciones lingüísticas sobre un monasterio del século X», *Lvcensia*, 20 (2000), pp. 99-113. [Transcribe 2 documentos con transcripción paleográfica, dos anos 910 e 987, do AHN, corrixindo a edición anterior de López Ferreiro. Inclúe tradución ó castelán e fotografía].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «Presencia do Mosteiro de Carracedo en Ferreira de Negral», *Lvcensia*, 21 (2000), pp. 299-304. [Analiza 11 documentos en latín do Cartulario de Carracedo sobre San Martiño de Ferreira de Negral, onde o autor mantén a existencia dun mosteiro. Dos anos 1134-1252, ós que engade catro noticias a maiores].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «Revisión dun diploma lucense do rei Fernando II», *Lvcensia*, 22 (2001), pp. 153-160. [Revisa a edición dun documento de 1161 editado por RECUERO ASTRAY et al. 2000 (doc. 31). Do AHN e ACLu, en latín. Inclúe identificación de topónimos, facsímil e tradución ó galego].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «Igrejas de Lemos doadas por Ordoño II á Sé Dumiense», *Lvcensia*, 23 (2001), pp. 365-374. [Fai un comentario, tradución ó galego e identificación de topónimos dun documento en latín do ACMo, do ano 916, publicado por CAL PARDO 1999].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «O rei Fernando II dóalle a un coéngó lucense un mosteiro ourensán en Caldelas», *Lvcensia*, 24 (2002), pp. 159-166. [Revisa a edición de RECUERO ASTRAY et al. 2000 (doc. 1) dun documento de 1155 do AHN e ACLu, en latín, achegando tradución ó galego e comentarios históricos].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «Fundación do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Miño», *Lvcensia*, 25 (2002), pp. 359-368. [Edita 1 documento do ano 954, do AHN, en latín, incluíndo facsímil, tradución ó galego e notas históricas].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «Un epígrafe singular en Pacios (Begonte)», *Lvcensia*, 26 (2003), pp. 147-152. [Analiza o texto dunha lápida do s. X ou XI, en latín].

- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «O mosteiro de Santiago de “Mortolares” en Sarria», *Lvcensia*, 28 (2004), pp. 155-162. [Tradución ó galego e notas históricas dun documento en latín do ano 907 do Tombo de Samos, editado por LUCAS ÁLVAREZ 1986].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «Un vello mosteiro lucense na terra de Pallares (Santa María de Mosteiro)», *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 11 (2003-2004), vol. 2, pp. 9-18. [Inclúe os rexestos de 11 documentos do ano 1164 ó 1267, segundo REY CAÍNA, e a transcripción de 3 documentos, un anterior a 1119, outro do 1119 e outro do 1233, con facsímil. Todos en latín, do AHN e ACLu].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «A granxa cisterciense de Constantín en Begonte», *Lvcensia*, 30 (2005), pp. 147-158. [Corrixe localizacións topónimicas de RECUERO ASTRAY et al. 2000 e fai referencia e rexesto dos documentos relacionados con esta granxa: 8 do s. XII (1174-1199) e 18 do XIII (1202-1222), en latín, todos do Tombo de Sobrado].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «Un documento de Oseira referido a Barbadelo (Sarria)», *Lvcensia*, 31 (2005), pp. 377-382. [Propón outra localización de topónimos e identifica as persoas dun documento de 1068 editado por ROMANÍ 1999, do AHN, Oseira, en latín. Inclúe tradución ó galego].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «Ofrenda de doña Urraca a Santa María de Lugo», *Lvcensia*, 33 (2006), pp. 213-222. [Achega unha nova lectura dun documento en latín de 1107, do AHN (Tombo Vello de Lugo), fronte á de RECUERO ASTRAY 2002 (doc. 14), achegando facsímil, tradución ó galego e notas históricas].
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro: «Un diploma de Ordoño II referido a Lugo», *Lvcensia*, 34 (2007), pp. 115-122. [Achega certas cuestións sobre a edición de FERNÁNDEZ CATÓN et al. 2006 dun documento do 922 (doc. 4), en latín, conservado no Instituto Valencia de Don Juan. Inclúe facsímil e tradución ó galego].
- ARIAS FREIXEDO, Bieito: *As cantigas de Joban de Cangas. Edición crítica e notas*, Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo, 1998. [Edita as 3 cantigas conservadas deste autor, as tres de amigo, do último cuarto do XIII ou comezos do XIV. Inclúe un glosario].
- ARIAS FREIXEDO, Bieito: «E ja quites son los Mans: nota paleográfica sobre o m. 4 da cantiga B. 454 de D. García Mendiz d'Eixo», *Revista Galega de Filoloxía*, 5 (2004), pp. 165-169.
- ARMAS CASTRO, Xosé A.: *Pontevedra en los siglos XII a XV: configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia medieval*, Tese-Universidade de Santiago-Departamento de Historia II, 1990. [Publicada en 1992, véxase referencia].
- ARMAS CASTRO, José: *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia Medieval*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza [Col. Galicia Histórica], 1992. [Edita 51 documentos, con datas entre 1169 e 1498, en latín, galego e castelán; 3 do s. XII, 4 do s. XIII, 9 do s. XIV e 35 do s. XV. Do ACS, AXS, AHN, AHPPo, MPo].
- ARQUIVO DA CATEDRAL DE SANTIAGO: *Acceso web ós fondos documentais* <http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac>. [É unha ferramenta de busca e consulta en liña dos fondos documentais, ofrecendo unha descripción detallada dos principais documentos e, co tempo, acceder ás imaxes deles].
- ARVIZU, Fernando de: «Las Cortes de León de 1188 y sus decretos. Un ensayo de crítica institucional», en Fernando de Arvizu et al., *El Reino de León en la Alta Edad Media. I. Cortes, Concilios y Fueros*, León, Caja de Ahorros y Monte de Piedad de León – Archivo Histórico Diocesano de León, 1988, pp. 11-141. [Inclúe en apéndices o texto dos decretos e confirmacións de Afonso IX e X, Sancho IV, Fernando IV, en latín e en castelán].
- ASKINS, Arthur L-F, Gemma AVENOZA, Aida Fernanda DIAS, Ignacio PÉREZ PASCUAL e H. SHARRER: «Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)», *Revista de*

- Literatura Medieval*, 9 (1997), pp. 9-43. [Achegan un fragmento Ordenamento de Alcalá, un da Primeira Partida, outro da Terceira Partida e outro de textos de lexislación eclesiástica, do ARG, en galego].
- AVENOZA, Gemma: «Atopáronse uns manuscritos... O redescubrimento duns fragmentos en galego das Partidas», *Romance Philology*, 49 (1995), pp. 119-129. [Edita o fragmento A, inclúe facsímil do f. 1v e unha relación dos fragmentos en galego e en portugués das Partidas, do ARG].
- ÁVILA Y LA CUEVA, Francisco: *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su Obispado 1852*, [Edición facsimilar do manuscrito do Arquivo da Catedral de Tui], Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995. [Nos catro volumes referencia e transcribe documentos desa sé, de distintos arquivos da diocese: ACTui, Concello de Tui, e mosteiros e conventos de Oia, San Domingos de Tui, San Domingos de Ribadavia, San Diego de Canedo, San Francisco de Vigo...].
- AYALA MARTÍNEZ, Carlos de (ed.): *Libro de Privilegios de la Orden de San Juan de Jerusalén en Castilla y León (Siglos XII-XV)*, Madrid, Instituto Complutense de la Orden de Malta, 1995. [Editan 432 documentos do ano 1113 ó 1454: 191 do s. XII, 220 do XIII, 17 do XIV e 4 do XV. O libro está no Museum and Library of the Order of St. John de Londres, en latín e castelán. Inclúe índice de rexestos, a transcripción da *Tabla de los capítulos*, un índice antropónimico e un topónimico].
- BARRAL RIVADULLA, Dolores: «Dos documentos para ampliar la historia del desaparecido monasterio de Santo Domingo de la Coruña», *Archivo Dominicano*, 13 (1992), pp. 245-251. [Transcribe 2 testamentos, de 1414 e 1487, do ACSC da Coruña, en galego].
- BARRAL RIVADULLA, M<sup>a</sup> Dolores: «La documentación medieval del archivo de las clarisas de A Coruña», en José Martí Mayor e María del Mar Graña Cid (coord.), *Las clarisas en España y Portugal: Congreso Internacional, Salamanca, 20-25 de septiembre de 1993*, Madrid, Asociación Hispánica de Estudios Franciscanos, 1994, t.2, vol. I, pp. 83-95. [Achega rexesto de 18 documentos do ano 1414 a 1551 e a transcripción de 5 documentos de 1428 a 1487, todos en galego agás 1 en latín].
- BARRAL RIVADULLA, Dolores: «El monasterio de s. Bárbara de la Coruña en el siglo XV: TOR femenina en Galicia», *Archivium Franciscanum Historicum*, 87 (1994), pp. 417-445. [Edita 4 documentos, dos anos 1450 a 1478, do ACSC da Coruña, 3 en galego, 1 en castelán].
- BARRAL RIVADULLA, Dolores: *La Coruña en los siglos XIII al XV. Historia y configuración urbana de una villa de realengo en la Edad Media*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1998. [Edita 39 documentos de 1208 a 1972: 1 do s. XIII, 32 do XV, 4 do XVI, 2 do XX; en galego moitos dos do XV, o resto en castelán, 2 en latín, do ACSC da Coruña, AHMC, ARG, AXS e Archivo del Instituto Histórico O.P. de Salamanca].
- BARRAL RIVADULLA, M<sup>a</sup> Dolores e Ismael VELO PENSADO: «Colección de pergameos do arquivo da igrexa colexial de Santa María do Campo (A Coruña)», *Estudios Mindonienses*, 10 (1994), pp. 475-498. [Catálogo con 42 documentos entre 1317 e 1672, 4 do s. XIV, 36 do XV, 1 do XVI e 1 do XVII. Inclúen índice toponímico e antropónimico, con mención da lingua, todos en galego agás 4 en latín].
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (coord.), Ermelindo PORTELA SILVA e M<sup>a</sup> Carmen PALLARES MÉNDEZ (dirs.): *Inventario das fontes documentais da Galicia Medieval I*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1988.
- BARREIRO GARCÍA, M<sup>a</sup> Carmen: «Contribución ó léxico medieval da construcción en galego», en Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei (coord.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Universidade de Santiago de Compostela, vol. II, 1991, pp. 361-386. [Achega en apéndice 1 documento de 1478, colección particular, en galego].

- BARREIRO GARCÍA, M<sup>a</sup> Carmen: *A documentación notarial do concello de Noia (ss. XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*, Tese de doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 1995. [Transcribe 69 documentos do ano 1332 ó 1503, do AHUS, dunha colección particular de Noia. En galego agás 2 documentos en castelán de 1484 e 1499 e parte doutros ex. a rúbrica notarial do último. Inclúe glosario pero non índices].
- BARROSO CASTRO, José e Xoán Manuel NEIRA PÉREZ: *A vida e a fala dun pobo, «A fala no tempo». Tratos e contratos dos clérigos, gremios e notarios nas comunidades de vida e da morte. Escola de documentos medievais e modernos*, Noia, Toxosoutos, 2008. [Inclúe os rexestos de 8 documentos medievais entre os anos 1321 e 1404, e algúns máis xa avanzado o s. XVI, e a transcripción de 35 documentos dos anos 1360 ó 1500 e 27 entre o 1501 e o 1545; do Arquivo Parroquial de San Martiño de Noia, do ACS e do Arquivo da Igrexa Parroquial de Santiago da Pobra do Caramiñal, relacionados coa Cofradía dos Clérigos da Concepción, a maioria en galego].
- BARTON, Simon: *The aristocracy in twelfth-century León and Castile*, Cambridge University Press, 1997. [Inclúe un apéndice con 20 documentos entre os anos 1122 e 1196, todos inéditos agás catro; en latín, do AHN, AHDLeón, ACTui, ACZamora, AHPZamora e ACToledo].
- BERTOLUCCI PIZZORUSSO, Valeria: *As poesías de Martin Soares*, Vigo, Galaxia, 1992. [Edición crítica das súas 45 cantigas. A edición orixinal en italiano é de 1963].
- BILEGA = F. García Gondar (dir.): *Bibliografía informatizada da lingua galega*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, <<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>>.
- BITAGAP = Arthur L-F. Askins, Harvey L. Sharrer, Aida Fernanda Dias e Martha E. Schaffer, Berkeley, Universidade, <http://sunsite.berkeley.edu/PhiloBiblon/galician.html>. [Catálogo unificado de tódolos textos orixinariamente compostos en galego-portugués, galego e portugués ou traducidos a estes idiomas durante a Idade Media].
- BLANCO LOZANO, Pilar: «Colección diplomática de Fernando I (1037-1065)», *Archivos leoneses*, 79-80 (1986), pp. 7-212. [Edita 76 documentos dos anos 993-1065, en latín: 2 do s. X e 74 do XI; e rexesta 19 documentos perdidos dos anos 1047-1065 e 26 diplomas xudiciais dos anos 1043-1065. Do ACLeón, Archivo da Colexiata de Santillana, ADSantillana, ACOu, ACPalencia, ACS, ACZamora, ADBraga, AHN... Inclúe índices antropónimo e topónimo].
- BLANCO LOZANO, Pilar: *Colección diplomática de Fernando I (1037-1065)*, León, Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”-Archivo Histórico Diocesano de León, 1987. [Edita 76 documentos reais dos anos 993 ó 1065 e rexesta 45 dos anos 1043 ó 1065, en latín. De varios arquivos, entre eles o ANTT, AHN, RAH, BN, Biblioteca Zubálburu, ACS, ACLeón... Inclúe índices antropónimo e topónimo].
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel: «Catálogo dos documentos editos en galego anteriores a 1260», *Cadernos da lingua*, 26 (2004), pp. 5-46. [Rexestos e referencias completas de 112 documentos entre 1227 e 1260, do AA, ACMon, ACLu, ACOu, AHDAstorga, AHDS, AHN, AHPOu, AHPPo, AHUS, ARG, BNE e RAG].
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel: «Dous novos documentos en galego de Pedro Pérez de Xanrozo, notario de Pruzos de 1260», en M<sup>a</sup> del Val González de la Peña (coord.), *Estudios en Memoria del Profesor Dr. Carlos Sáez*, Alcalá de Henares, Universidad, 2007, pp. 301-317. [Edita 2 documentos de 1260, da RAG e do ARG, en galego. Inclúe criterios de transcripción, consideración paleográficas, índice antropónimo e topónimo e fotografías dos documentos].

- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel e Henrique MONTEAGUDO: *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Anexo 65 de *Verba*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2009. [Editan 50 más 5 documentos dos anos 1225 a 1260, do ACOu, AHN, ARG, AHPOu, ACOu, AA, MPo. Inclúen estudo lingüístico, criterios de edición, glosario e índices toponímico e antropónímico].
- BOUZAS ROSENDE, Paula: *Edición e estudio dos documentos inéditos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (século XV)*, Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago, 2010. [Edición completa de 116 documentos de Santo Estevo de Ribas de Sil que Duro Peña, na súa edición, deixara sen publicar. Todos do século XV, en galego e do ACOu, AHPOu e AHN. Inclúe estudo da escrita, estudo lingüístico, índice toponímico e índice antropónímico].
- BREA, Mercedes (coord.): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, Santiago, Xunta de Galicia-Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1996, 2 vol. [Editan as cantigas de 156 trovadores e varias anónimas].
- BROZ REI, Xosé Manuel: «Tumbo de Sobrado», *Boletín de Estudos Melidenses*, 13 (2000), pp. 122-139. [Transcripción parcial do Tombo de Sobrado coas referencias ás propiedades que o mosteiro tiña en terras de Melide. En castelán, do ARG].
- BROZ REI, Xosé Manuel e M<sup>a</sup> Dolores PRIMO BARJA: «Apéndice documental», *Boletín de Estudos Melidenses*, 19 (2006), pp. 227-262. [Editan os legaxos do AHUSC correspondentes a San Antoíño de Toques, en castelán pero con moitos nomes de persoas e lugares en galego].
- BUJÁN RODRÍGUEZ, M<sup>a</sup> Mercedes: *Catálogo archivístico del Monasterio de Benedictinas de San Payo de Ante-Altares, Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago, 1996. [Catálogo e rexestos dos documentos do arquivo, cun importante fondo medieval. Inclúe índices antropónímico, toponímico e de materias].
- CABANA OUTEIRO, Alexandra: «Documentos do arcebispo Xoán García Manrique no Tombo H da Catedral de Santiago», *A Trabe de Ouro*, 46 (abril-maio-xuño 2001), pp. 241-257. [Transcribe 15 documentos, entre os anos 1395 e 1397, do ACS, en galego e castelán, trasladados e noticias de traslado].
- CABANA OUTEIRO, Alexandra: «O tombo H da catedral de Santiago: noticia dun libro-rexistro medieval», en Miguel Romaní Martínez e M<sup>a</sup> Ángeles Novoa Gómez (ed.), *Homenaje a José García Oro*, Santiago de Compostela, Universidade, 2002, pp. 49-63.
- CABANA OUTEIRO, Alexandra: «A casa gótica de Ludeiro. Notas históricas, descripción e colección documental dun pequeno pazo do século XV non catalogado», *Murguía. Revista galega de historia*, 1 (maio-agosto 2003), pp. 35-54. [Inclúe a transcripción de 4 documentos do Arquivo Ducal de Medinaceli (Casa de Pilatos, Sevilla), relativos a Monterroso, nas terras da Ulloa. Os de 1478, 1515 e 1523 a través dunha copia de 1606, e o de 1502 orixinal. 2 en galego, 2 en castelán].
- CABANA OUTEIRO, Alexandra: «Documentos arcebispais no Tombo H da Catedral de Santiago: Gómez Manrique e Lopo de Mendoza», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 50 (2003), pp. 79-89. [Transcribe 5 documentos, de 1353 a 1409, trasladados dos documentos orixinais ó Tombo H entre o 1397 e o 1409. Do ACS, 3 en galego, 2 en castelán].
- CABANA OUTEIRO, Alexandra: *Santiago de Compostela do século XIV ó XV: O Tombo H da Catedral de Santiago. Edición e estudio histórico*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, 2003. [Editada en CDROM no 2007 co título *O Tombo H da Catedral de Santiago de Compostela. Edición e Estudo*, véxase a referencia].
- CABANA OUTEIRO, Alexandra: *O tombo H da Catedral de Santiago. Documentos anteriores a 1397. VI Premio de Investigación 2001 Xesús Ferro Counalo*, Valga, Concello de Valga, 2003.

[Transcripción de 183 documentos entre os anos 1391 e 1396, con traslado dalgún documento de anos anteriores (1254, 1292 e 1385). Inclúe listaxe de abreviaturas, índices antropónimo, toponímico, de rúas e lugares de Santiago, e cronolóxico de rexestos. En galego a maioría, 8 en castelán, 4 en latín].

CABANA OUTEIRO, Alexandra: *O Tombo H da Catedral de Santiago de Compostela. Edición e Estudo*, (Edición en CDRom), Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, 2007. [Edición completa do rexistro notarial chamado Tombo H, do ACS, elaborado entre 1391 e 1409, que inclúe un 5% de documentación trasladada (con datas extremas de 1254 ó 1407). Son máis de 500 documentos e notas notariais, o 96% en galego, o 3% en castelán, o 1% en latín. Achega listaxe de abreviaturas, diversos índices, rexestos e glosario].

CABANA OUTEIRO, Alexandra e Maite VEIGA DÍAZ: «Xoias e cores: léxico galego baixo medieval no Tombo H da Catedral de Santiago», en *Historia Nova IX e X. IX e X Congreso de Novos/as Historiadores/as*, Santiago, Asociación Galega de Historiadores, 2002, pp. 281-285. [Achegan a transcripción dun documento do Tombo H do ACS de 1398, en galego. Inclúe un glosario de termos do léxico das cores e xoiería].

CABANO VÁZQUEZ, Ignacio e Xosé M<sup>a</sup> DÍAZ FERNÁNDEZ (eds.): *Missale Auriense 1494*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1994. [Inclúe o facsímil dunha selección ampla das follas de maior interese do misal, impreso en Monterrei, do ACOu].

CABARCOS, Ignacio: «O Fondo de pergamiños», en Marcelina Calvo Domínguez et al., *Santiago. San Paio de Antealtares*, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 1999, pp. 71-85. [Análise e rexesta dunha selección de 15 documentos dos anos 986-1566 (1 do s. X, 7 do XIII, 1 do XIV e 5 do XV e 1 do XVI), do AA. En latín 4, 1 en astur-leonés, 2 en castelán e 8 en galego. Inclúe fotografías].

CANCIONEIRO DA AJUDA. *FRAGMENTO DO NOBILLARIO DO CONDE DOM PEDRO*, Ed. Facsimilada do códice existente na Biblioteca da Ajuda, Lisboa, Távola Redonda-Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, 1994.

CANCIONEIRO DA AJUDA. *Reimpressão da Edição Diplomática de Henry H. Carter (N. York-London, 1941)*, Lisboa, Imprensa Nacional Casa da Moeda, 2007.

CAL PARDO, Enrique: *Catálogo de los documentos medievales escritos en pergamino del Archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*, Lugo, Deputación Provincial, 1990. [Rexesta grande cantidade de documentación do ACMon, organizada en bloques. Pergameos soltos: 234 dos anos 871 a 1689; bulas e breves pontifícios: 28 do anos 1156 a 1457; mosteiro de Pedroso: 62 rexestos dos anos 1111 a 1544; 3 tombos, o Calendario I, dos séculos XIII-XIV, o Calendario II, ss. XIII-XIV, e o Tombo Pechado, finais do s. XIV-XV: 1.626 rexestos, anos 1122 a 1525; documentos en papel: 336 rexestos, anos 1320 a 1492. En latín, galego e castelán, a maioría dos do s. XIV e XV son en galego. Inclúe un índice xeral].

CAL PARDO, Enrique: «De Viveiro en la Edad Media», *Estudios Mindonienses*, 7 (1991), pp. 11-226. [Edita 94 documentos dos anos 877 a 1489: 1 do s. IX, 2 do XII, 15 do XIII, 50 do XIV e 24 do XV. Do ACMon, a maioría en galego, tamén en latín e en castelán].

CAL PARDO, Enrique: *Mondoñedo -catedral, ciudad, obispado- en el s. XVI. Catálogo de la documentación del Archivo Catedralicio*, Lugo, Xunta de Galicia, 1992. [Continúa CAL PARDO 1990, cos rexestos de 4513 documentos do ACMon entre os anos 1490 e 1599, fundamentalmente actas capitulares, do s. XV uns 150. Inclúe índice onomástico].

CAL PARDO, Enrique: «Parroquias del ayuntamiento de Viveiro», *Estudios Mindonienses*, 9 (1993), pp. 625-821. [Edita 66 pezas documentais dos séculos XII ó XVI: 2 do XII, 7 do XIII, 29 do XIV, 25 do XV, 2 do XVI. Do ACMon, a maioría en galego].

- CAL PARDO, Enrique: *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo. Transcripción íntegra dos documentos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1999. [É a edición dos “pergamiños soltos” do *Catálogo* do mesmo autor (CAL PARDO 1990), do ACMon: 1 documento do s. IX (871), 6 do X (916-974), 2 do XI (1095-1096), 15 do XII (1122-1183), 38 do XIII (1202-1298), 67 do XIV (1303-1400) e 97 do XV (1402-1491), xunto con 28 bulas pontificias (de 1156 a 1467). No s. XIII aparecen os primeiros documentos en romance, castelán e galego, do XIV e XV a maioría en galego e castelán. Inclúe índice onomástico, toponímico, de materias e de oficios, cargos e dignidades].
- CAL PARDO, Enrique: «Visitas pastorales en el archivo de la catedral de Mondoñedo», *Memoria Ecclesiae*, 15 (1999), pp. 593-594. [É unha relación de visitas pastorais segundo a información que hai no ACMon, só dúas son medievais (1407 e 1479), outras catro son do XVI (1503-1544)].
- CAL PARDO, Enrique: «La lengua gallega del siglo XIII en los calendarios de la catedral de Mondoñedo», en Manuel C. Díaz y Díaz (coord.), *Escritos dedicados a José María Fernández Catón*, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro», León, Caja España de Inversiones, Archivo Histórico Diocesano, 2004, pp. 111-131. [Transcribe 13 documentos de 1282 a 1299, do calendario I do ACMon, en galego].
- CAL PARDO, Enrique: *Tumbos de la catedral de Mondoñedo. Tomo Pechado. Transcripción íntegra de sus documentos. Tomos I e II*, Lugo, Deputación Provincial, 2006 e 2007. [Transcripción completa do tombo, do ACMon, escrito durante os últimos anos do XIV e todo o XV, incluíndo documentación entre os anos 1261 e 1525, a maioría en galego, algúns en latín e castelán: 12 do XIII (1261-1289), 104 do XIV (1322-1400), uns 380 do XV (1401-1500), 8 do XVI (1501-1525). Inclúe un índice onomástico, toponímico e de materias. O tomo II é o facsímil completo do tombo].
- CAÑIZARES del REY, Buenaventura: «Nomenclátor de parroquias, lugares, villas y aldeas, que se leen en los documentos medioevales de Lugo», *Lvcensia*, 5 (1992), pp. 137-185. [Edición dun orixinal mecanografiado, sen data, que o autor elaborou mentres transcribía a súa colección diplomática conservada en manuscrito no ACLu, inclúe a referencia cronolóxica dos topónimos].
- CAÑIZARES del REY, Ventura: «Fichero “A” de nombres medievales de personas en el archivo de la Catedral de Lugo», *Lvcensia*, 8 (1994), pp. 161-190. [Inclúe as referencias cronolóxicas e a función dentro do documento].
- CARRIEDO TEJEDO, Manuel: «Un documento leonés confirmado por Arias II de Mondoñedo (año 977)», *Estudios Mindonienses*, 11 (1995), pp. 205-216. [Non transcribe pero corrixe a datación deste documento, antes fixada en 973, ACLeón].
- CARRIEDO TEJEDO, Manuel: «Noticias biográficas y documentos perdidos de los obispos gallegos durante la primera mitad del s. X», *Estudios mindonienses*, 15 (1999), pp. 683-741. [Rexesta 67 documentos dos anos 904 a 951 referidos a estes bispos, en diferentes tombos e diplomas, con análise da datación].
- CARRIEDO TEJEDO, Manuel: «Cronología de los obispos mindonienses del siglo X», en Manuel J. Recuero Astray, Fátima Díez Platas e Juan M. Monterroso Montero (eds.), *El legado cultural de la Iglesia mindoniense. I Congreso do Patrimonio da Diocese de Mondoñedo*, A Coruña, Universidade, 2000, pp. 235-253. [Referencia os diferentes bispos coa relación dos seus documentos].
- CARRIEDO TEJEDO, Manuel: «Episcopologio Auriense», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 112 (2000), pp. 65-131. [Referencia 59 documentos nos que aparecen os diferentes bispos, do ano 905 ó 1045, en latín, do AHN, AHN (TCelanova), ACS, ACS (Tombo A), AHN (Tombo vello de Lugo), BN, ACLeón, ACAstorga, AHUSC, ACLu. Inclúe as referencias bibliográficas de cada documento].

- CARRIEDO TEJEDO, Manuel: «Locus Sanctus “Arcis Marmoricis” (s. IX-X) et Episcopi Irienses (711-1011)», *Compostellanum*, 45 (2000), 411-615. [É unha transcripción e análise de noticias dispersas sobre os bispos composteláns dese período, en latín. Algunhas xa editadas, ex. do Chronicon Iriense ou da Historia de Santiago de López Ferreiro, e outras do AHN, Tombo A da ACS. Inclúe relación de bispos, cadros xenealóxicos e índice de materias incluíndo cargos e profesións].
- CARRIEDO TEJEDO, Manuel: « Locus Apostolicus (1012-1072), episcopi irienses (1014-1071) et Garsea Rex in Gallegia (1066-1071/1072-1073)», *Compostellanum*, 3-4 (2001), 473-576. [Con rexesto e análise de 178 documentos de 1012 a 1073. É unha transcripción e análise de noticias dispersas, en latín, algunhas xa editadas, ex. do Chronicon Iriense ou da Historia de Santiago de López Ferreiro, e outras do AHN, Tombo A da ACS. Inclúe relación de bispos, cadros xenealóxicos e índice de materias incluíndo cargos e profesións].
- CARRIEDO TEJEDO, Manuel: «Una carta gallega del año 883: ¿redactada por el autor de la Crónica Albeldense?», *Estudios Mindonienses*, 26 (2010), pp. 551-558. [Edita ese documento e fai un estudo crítico e comparativo con outras fontes. Do Tombo A, do ACS, en latín].
- CASTRO, Manuel de: «Los franciscanos de Viveiro y Gómez Pérez das Mariñas», *Estudios Mindonienses*, 5 (1989), pp. 533-587. [En apéndice edita 6 documentos de 1450 a 1538. Do ACSC de Ribadeo, a maior parte en castelán, o resto mestura entre castelán e galego].
- CASTRO, Manuel de e M<sup>a</sup> Ángeles DE LA CRUZ: *El monasterio de Santa Clara de Ribadeo. Historia y colección documental*, Ferrol, Publicacións de Estudios Mindonienses e Caixa Galicia, 1988. [No apéndice documental editan 17 documentos dos anos 1483 a 1629: 3 do s. XV (transcritos por José García Oro), 11 do XVI, 3 do XVII. Do ASCRibadeo, en castelán].
- CASTRO ÁLVAREZ, Carlos de: «Una nueva interpretación del privilegio de Pedro I, de 1364, concedido a Fernán Pérez III, más conocido como “O Bo”», *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, 12 (2005), pp. 261-285. [No apéndice documental inclúe dúas edicións do documento, e a dunha confirmación que os Reis Católicos fixeron dos privilexios reais á casa de Andrade, insertando os privilexios de Henrique II de 1371 e 1373; do ADA e RAH, en castelán].
- CASTRO ÁLVAREZ, Carlos de e Juan Carlos VÁZQUEZ ARIAS: *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, Deputación da Coruña, 2003. [Dentro da colección documental inclúe a transcripción parcial de 2 documentos medievais, de 1363 e 1406, en galego, do AHN].
- CASTRO CORREA, Ainoa: «Fuentes bibliográficas para el estudio de la documentación altomedieval gallega», *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*, 2009, na rede en: [http://corpus.cirp.es/codolga/publicaciones\\_principal.html](http://corpus.cirp.es/codolga/publicaciones_principal.html).
- CASTRO CORREA, Ainoa e Ricardo PICHEL GOTÉRREZ: «El Cartulario de Caaveiro y el proceso de cartularización en Galicia: nueva documentación altomedieval sobre el Monasterio de San Xoán de Caaveiro», *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, 18 (2011), pp. 229-284. [Inclúe a edición de 12 documentos de 1099 a 1247, en latín, pertencentes a un cartulario inédito do mosteiro de San Xoán de Caaveiro (custodiado na Biblioteca de Catalunya). Inclúe análises codicolólica, paleográfica e filolólica, criterios de edición e fotografías de todos os documentos].
- CAVERO DOMÍNGUEZ, Gregorio e Santiago DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ: *Colección documental de la catedral de Astorga. III (1300-1499)*, León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro»-Caja España de Inversiones-Archivo Histórico Diocesano de León, 2000. [Achegan 737 documentos, moitos só en rexesto: 371 do s. XIV, 366 do XV; do

- ACAstorga, AHN, BNE, AHV e Biblioteca do Palacio de Oriente. Inclúe índices de persoas, de lugares e de institucións].
- CAVERO DOMÍNGUEZ, Gregoria e Encarnación MARTÍN LÓPEZ: *Colección documental de la catedral de Astorga. I (646-1126)*, León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro»-Caja España de Inversiones-Archivo Histórico Diocesano de León, 1999. [Achegan 628 documentos, moitos só en rexesto: 1 do VII, 7 do IX, 181 do X, 302 do XI, 137 do XII; do ACAstorga, AHN, BNE e Biblioteca do Palacio de Oriente. Inclúe índices de persoas, de lugares e de institucións].
- CAVERO DOMÍNGUEZ, Gregoria e Encarnación MARTÍN LÓPEZ: *Colección documental de la catedral de Astorga. II (1126-1299)*, León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro»-Caja España de Inversiones-Archivo Histórico Diocesano de León, 2000. [Achegan 886 documentos, moitos só en rexesto: 335 do XII, 551 do XIII, en latín e castelán; do ACAstorga, AHN, BNE, AHV e Biblioteca do Palacio de Oriente. Inclúe índices de persoas, de lugares e de institucións].
- CAVERO DOMÍNGUEZ, Gregoria, César ÁLVAREZ ÁLVAREZ e Jose Antonio MARTÍN FUERTES: *Colección documental del Archivo Diocesano de Astorga*, León, Caja España de Inversiones-Archivo Histórico Diocesano de León, 2001. [Achegan 515 documentos, moitos só en rexesto, dos anos 918 ó 1499: 1 do s. X, 35 do XII, 86 do XIII, 63 do XIV e 330 do XV; do ADAstorga, en latín e castelán a maior parte. Inclúe índices de persoas, de lugares e de institucións].
- CEPEDA FANDIÑO, Antonio: «Informacións medievais sobre Melide: o chamado «Tumbo arzobispal» do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago», *Boletín do Centro de Estudios Melidenses*, 9 (1995), pp. 12-17. [Transcribe os folios e pasaxes referidos á zona de Melide no tombo, que é o Tombo vermello editado por RODRÍGUEZ GONZÁLEZ 1995; do AHDS, en galego e en castelán].
- CODOLGA = José Eduardo LÓPEZ PEREIRA (dir.): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a educación en Humanidades, <<http://corpus.cirp.es/codolga>>.
- COHEN, Rip: *500 Cantigas d'amigo*. Edición crítica, Porto, Campo das Letras, 2003. [Edición de 500 cantigas de 88 poetas, compostas entre 1220 e 1350].
- COMESAÑA MARTÍNEZ, M<sup>a</sup> Ángela: *O tombo do Hospital e Ermida de Santa María do Camiño de Pontevedra*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1995. [Edita o tombo, con 55 documentos, dos anos 1388 a 1596: 3 do XIV, 30 do XV, 22 do XVI. Do MPontevedra, a maioría en galego, algún en castelán. Inclúe índices antropónimo e toponímico].
- CORREA ARIAS, José Francisco: *Fernán Pérez de Andrade, o Bóo*, Noia, Toxosoutos, 2004. [No apéndice documental inclúe 16 documentos e referencia 7 máis, entre os anos 1223 e 1393: 2 do s. XIII, o resto do XIV; un en latín, o resto en galego e castelán. Do ARG, ACMon, AH Salazar, AHDS, AHN, AMFerrol, RAG, moitos xa editados antes].
- COTARELO, Armando: *Alfonso III, el Magno. Último rey de Oviedo y primero de Galicia*, Madrid, 1992. [Reproducción facsimilar da edición de 1933]. [Inclúe un apéndice documental con 16 documentos, dos anos 854 ó 910, do AHN, RAH, ACOviedo e ACLeón, en latín. Inclúe unha listaxe de documentos expedidos por Afonso III].
- CRUZ COELHO, María Helena da: *O mosteiro de Arouca. Do século X ao século XIII*, Coímbra, Universidade de Coímbra, 1988 (1<sup>a</sup> ed. 1977). [Edita 251 documentos dos anos 956 ó 1226: 2 do s. X, 4 do XI, 174 do XII e 70 do XIII, do ANT<sup>T</sup>, en latín. Transcribe tamén os índices do *Livro de d. Maior Martins*, con documentos dos anos 943 ó [1279]. Inclúe índices xerais de nomes e materias].
- CRUZ HERRANZ, Luis Miguel de la: «Bibliografía del Archivo Histórico Nacional», *Boletín ANABAD*, XLVI (1996), pp. 359-414.

- CRUZ HERRANZ, Luis Miguel de la: «La organización de los fondos del Archivo Histórico Nacional (1866-1987)», *Boletín ANABAD*, XLVI, nº 1 (1996), pp. 63-94.
- CUEVA, Fray Benito de la: *Historia de los monasterios y prioratos anejos a Celanova*. Edición, notas e índices por M<sup>a</sup> Teresa GONZÁLEZ BALASCH, Granada, Universidad de Granada, 1991. [Reedición da *Historia* escrita na 1<sup>a</sup> metade do s. XVII, que inclúe transcripcións de documentación medieval relacionada, en latín, galego e castelán].
- CUEVA, Fray Benito de la: *Celanova iustrada y Anales de san Rosendo*. Edición, bibliografía e notas por Miguel Ángel GONZÁLEZ GARCÍA, José Ramón HERNÁNDEZ FIGUEIREDO e Miguel Ángel PEREIRA SOTO, Ourense, Duen de Bux, 2007. [Reedición do estudo de comezos do s. XVII, que incluía transcripcións de extractos de documentación referida ó santo e ó mosteiro. Inclúe un índice de “cosas notables”, fundamentalmente persoas e institucións e lugares].
